



**dende o exilio**  
**XOVES 26 OUTUBRO 2023**

Auditorio de Galicia, 20:30 h

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**  
**Pablo González**, director

**CONVERSANDO CON...**

Pablo González  
Sala Mozart, 19:45 h

f i a n d o   h i s t o r i a s

**MIGRACIONES**

## PROGRAMA

### I

#### **ROBERTO GERHARD (1896-1970)**

Albada, interludi i danza

#### **ARNOLD SCHOENBERG (1874-1951)**

Sinfonía de cámara, núm. 2, op. 38

*Adagio*

*Con fuoco*

### II

#### **ANTONÍN DVORÁK (1841-1904)**

Sinfonía núm. 9 en Mi menor, op. 95 'Do Novo Mundo'

*Adagio - Allegro molto*

*Largo*

*Molto vivace*

*Allegro con fuoco*

---

Duración aproximada do concerto: 95 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

## DIRECTOR

Pablo González

## VIOLÍNS I

James Dahlgren (concertino)  
Adriana Winkler (axuda de concertino)  
Anca Smeu \*\*  
Victoria Jurov  
Anna Alexandrova  
Ilya Fisher  
Yulia Petrushevskaya  
Michal Ryczel  
Daniel Kordubaylo  
Teresa Barcelona \*\*\*  
David Poghosyan \*\*\*

## VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*  
Nikolay Velikov \*\*  
Enrique Roca  
Samira Ajkic  
Elina Viksne  
Helena Sengelow  
Kiyoko Ohashi  
Roger Beryo \*\*\*  
Joel Doraci \*\*\*

## VIOLAS

Natalia Madison \*  
Ionela Ciobotaru \*\*  
Timur Sadykov  
Oxana Bakulina  
Anne Schlossmacher  
Iriana Fernández  
Gema Gallardo \*\*\*  
Josep Ruíz \*\*\*

## VIOLONCELLOS

Plamen Velev \*  
Barbara Switalska \*\*  
Carlos García  
Thomas Piel  
Álvaro Peregrina \*\*\*  
Manuel Lorenzo  
Emilio Ubcah \*\*\*  
Jordi Villanueva \*\*\*

## CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Marta García (R)  
Dina Durán \*\*\*

## FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*  
Luis Soto \*\*

## ÓBOES

Christina Dominik \*  
Esther Viúdez \*\*  
Sergio Rodríguez \*\*\*

## CLARINETES

Vicente López \*  
Bernardino Assunção (R)

## FAGOTES

Manuel Veiga \*  
Juan Carlos Otero \*\*

## TROMPAS

Jordi Ortega \*  
Xavier Ramón \*\*  
Alfredo Varela \*  
Pablo de Miguel \*\*\*

## TROMPETAS

Javier Simó \*  
Ramón Llåtser \*\*  
Pablo Martínez \*\*\*

## TROMBONS

Arturo Centelles (R)  
Francisco Blay (R)  
Faustino Núñez (R)

## TUBA

Miguel Franqueiro

## TIMBAL

José Vicente Faus \*

## PERCUSIÓN

Juan A. V. Mouzo (R)  
Íker Iriondo \*\*\*

\*principal | \*\*coprincipal | \*\*\*EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

## BIOGRAFÍAS

### Pablo González

#### Director

Recoñecido como un dos directores máis versátiles e apaixonados da súa xeración, Pablo González naceu en Oviedo e estudou na Guildhall School of Music & Drama de Londres. Obtivo o Primeiro Premio no Concurso Internacional de Dirección de Cadaqués e no Donatella Flick.

Foi Director Titular da Orquesta Sinfónica RTVE e asesor artístico da Orquesta Sinfónica e Coro RTVE desde novembro de 2018 ata o final da tempada 2022-2023 e anteriormente, foi Director Titular da Orquesta Sinfónica de Barcelona i Nacional de Catalunya (OBC) e Principal Director Convidado da Orquesta Ciudad de Granada.

Pablo González dirixiu importantes formacións incluíndo: a Filharmonía de Cámara Alemá de Bremen, a Orquesta Filharmónica Neerlandesa, a Orquesta Sinfónica de Londres, a Orquesta de Cámara Escocesa, a Orquesta Nacional BBC de Gales, a Real Orquesta Filharmónica, a Filharmonía de Varsovia, a Orquesta Filharmónica de Liexa, a Orquesta NHK do

Xapón, a Orquesta Sinfónica Nacional de México, a Orquesta Sinfónica de Kioto, así como as principais orquestras españolas.

Como director de ópera, destacan a dirección de *Don Giovanni* e *L'elisir d'amore* en dous exitosos Glyndebourne Tours, *Carmen* (Quincena Musical de San Sebastián), *Una voce in off*, *A voix humaine*, *Die Zauberflöte*, *Daphne* e *Rienzi* no Gran Teatre del Liceu (Barcelona) e *Madama Butterfly* (Ópera de Oviedo).

Entre os seus recentes e próximos compromisos sobresaen as súas aparicións con The Achei (Manchester), a Orquesta Sinfónica da Cidade de Birmingham, a Orquesta Sinfónica de Berlin, a Sinfónica da Radio de Fráncfort, a Real Orquesta Filharmónica, a Orquesta Gürzenich de Colonia, a Filharmonía de Dresde, a Filharmonía da Radio Alemá, a Saarbrücken Kaiserslautern, a Filharmonía de Helsinki, a Orquesta Sinfónica de Lahti (Finlandia), Orquesta da Residencia d'A Haia, a Orquesta da Svizzera Italiana (Suíza), regresando á Orquesta Nacional de España, OBC, sinfónicas de Galicia, Bilbao e Asturias, entre outras.

Colaborou con solistas como Maxim Vengerov, Nikolai Lugansky, Javier Perianes, Khatia Buniatishvili, Beatrice Rana, Renaud Capuçon, Gautier Capuçon, Sol Gabetta, Anne-Sophie Mutter, Isabelle Faust, Frank Peter Zimmermann, Arcadi Volodos, Viktoria Mullova, Johannes Moser, Truls Mork e Viviane Hagner.

## NOTAS AO PROGRAMA

Baixo o título *Dende o exilio* ofrécesenos un programa de tres compositores que por diversas razóns tiveron que abandonar o seu lugar de orixe nun determinado momento da súa vida: Gerhard e Schönberg obrigados polas circunstancias políticas (a vitoria franquista trala Guerra Civil española e o ascenso do nazismo respectivamente) e Dvořák por unha boa oportunidade de traballo: a dirección do Conservatorio de Nova York. Ademais destes paralelismos biográficos, nos que non podemos esquecer a relación mestre-discípulo de Schönberg-Gerhard que remataría cristalizando nunha profunda amizade, as composicións presentan tamén un nexo común: a idea de retorno.

O concerto comeza con *Albada, interludi i Dansa* de Robert Gerhard (1896-1970), un dos autores españois máis importantes do S.XX xunto a Manuel de Falla e inxustamente tratado pola historiografía musical ata a década dos 90 do pasado século. O seu verdadeiro nome, Robert Juan René Gerhard i Ottenwalder condensa o perfil internacional do artista catalán tanto en orixe —de pai suízo e nai alsaciana— como ao longo do seu periplo vital,

residindo en Suíza, Múnic, Barcelona, Viena, Berlín e finalmente Cambridge onde permanecerá ata o final dos seus días tralo exilio. Formouse con Pedrell e Granados en Barcelona e na década dos 20 trasladouse a Viena e Berlín para estudar con Schönberg, sendo o único español que formou parte da coñecida como Segunda Escola de Viena.

*Albada, interludi i Dansa* é un dos seus moitos “traballos cataláns” e nel deixa a un lado os procedementos máis vangardistas aprendidos en Europa para retornar ás raíces: o folclore catalán e a linguaxe tonal. Foi composta en 1936 e a súa primeira audición tivo lugar o 27 de outubro de 1937 (mañá fará 86 anos) nunha retransmisión dende Londres a cargo da orquestra da BBC dirixida polo propio Gerhard. A estrea oficial realizouse en Barcelona o 15 de maio de 1938 no Palau da Música Catalana e ao mes seguinte interpretouse no festival da SIMC (Sociedade Internacional de Música Contemporánea) en Londres, onde foi moi eloxiada por Béla Bartók. A obra está estruturada en tres movementos e presenta un carácter de música lixeira, utilizando para iso melodías de corte popular (incluso citas de cancións tradicionais), ostinatos rítmicos e centros tonais ben definidos.

Tal e como figuraba nas notas ao programa da estrea inglesa “foi inspirada polo sentimento de tensión popular xerado pola guerra civil” e trátase, polo tanto, dunha obra de circunstancias. Leticia Sánchez de Andrés sinala que Gerhard “pretendía resaltar os valores culturais definidos pola república e o nacionalismo catalán”, resultando ser unha “declaración de identidade e un símbolo de liberdade”.

O primeiro movemento, *Albada*, semella unha alborada dunha banda de música nas primeiras horas da mañá dun día de festa, unha ruada. O tema inicial é presentado polos dous óboes en movemento paralelo, imitando as *gralles*, instrumento de vento tradicional catalán, e contén unha cita da canción popular *El bon caçador*. Un breve intermedio (*Interludi*) cunha nova alusión ao folclore catalán, neste caso *El Cotiló* (que o autor empregaría en moitas outras obras), da paso ao movemento final *Dansa*, en ritmo ternario e cun tema que reaparece unha e outra vez con claro protagonismo das madeiras.

O mesmo ano que Gerhard marchaba cara ao exilio, 1939, o que fora o seu mestre, Arnold

Schönberg (1874-1951), remataba a súa *Sinfonía de Cámara nº2 op. 38* nos EUA, país que o acollera despois de fuxir do réxime nazi en 1934. O compositor, nado en Viena, foi sen dúbida un dos personaxes máis controvertidos da música do S.XX. Aínda que as súas primeiras obras son herdeiras do posromanticismo xermánico, moi pronto buscou o seu propio camiño, rachando co sistema de organización musical vixente dende o Barroco —a tonalidade— e creando anos despois o *dodecafonismo*, no que as obras se rexen por series de doce sons que sofren diversos tratamentos. A obra que hoxe escoitaremos é unha viaxe de volta en dous sentidos: por un lado, trátase dunha partitura iniciada en 1906 que intentou retomar en 1908, 1911, 1916 e por fin 1939; por outro, supón un regreso ao sistema tonal ao igual que noutras composicións do período americano como a *Suite para orquestra* ou o *Tema e varacións para orquestra de ventos op.43a*. O propio autor recoñecía que “na harmonía poden atoparse moitas posibilidades” e “sempre sentín un desexo moi forte de volver ao estilo antigo e de vez en cando tiveren que ceder a ese impulso, polo tanto ocasionalmente escribo música tonal”.

## NOTAS AO PROGRAMA

A *Sinfonía op. 38*, da que existe unha versión para dous pianos —*Op.38b*— estreouse o 15 de decembro de 1940 no Carnegie Hall de Nova York pola orquestra New Friends of Music dirixida por Fritz Steidry quen animou a Schönberg a que rematara definitivamente a obra. Escrita en Mib menor conta con dous únicos movementos (aínda que o autor comezou un terceiro que logo desbotou) que presentan formas máis ou menos convencionais. *Adagio*, na tonalidade principal, comeza cunha melodía expresiva de carácter melancólico na frauta e está estruturado en tres partes, sendo a terceira unha recapitulación da primeira, seguida dunha coda. O Con fuoco supón un claro contraste ao ton elexíaco e sombrío anterior e é unha especie de *scherzo* desenfreado na tonalidade de Sol M. A nivel de organización responde ao que se acostuma a denominar unha forma sonata truncada: unha exposición (con dous temas), un desenvolvemento, e unha reexposición incompleta (de aí a denominación “truncada”) que só recupera en parte o material escoitado na exposición e nunha orde diferente. Ao igual que Schönberg fixera unha viaxe de volta cara a un sistema anterior e unha obra de xuventude, a

sinfonía remata retornando á tonalidade inicial, Mib m, e con motivos do primeiro movemento.

Corenta e sete anos antes, o mesmo día e no mesmo emprazamento no que se estrearía a peza de Schönberg, dábase a coñecer a *Sinfonía nº 9 en Mi m op. 95, “Do novo mundo”*. A pesar do seu nome e de que foi escrita nos EUA, país ao que emigrou Dvořák un ano antes, podemos falar dunha obra de mestizaxe, posto que presenta elementos do folclore afroamericano e indio, pero tamén bebe da cultura centroeuropea de onde procedía o seu autor. Nunha entrevista no New York Herald con motivo da estrea, Dvořák afirmaba: “dende que cheguei a este país, estiven profundamente interesado na música nacional dos negros e os indios [...]. Escribín temas orixinais empapados das peculiaridades da música india e trateinos como suxeitos clásicos. A sinfonía está escrita baixo os modelos clásicos nos seus catros movementos”.

Ao igual ca Beethoven, Schubert, Bruckner ou Mahler, Dvořák, escribiu nove sinfonías, aínda que en vida do compositor só se publicaron as cinco últimas. A *Sinfonía do Novo Mundo* foi un



encargo da Orquestra Filarmónica de Nova York e do seu director Anton Seidl, amigo persoal do compositor. O primeiro movemento, *Adagio-Allegro Molto*, comeza cunha introdución lenta de carácter contemplativo que da paso ao *Allegro* con forma sonata. Tanto na exposición como na reexposición escoitaremos tres temas: o primeiro de carácter heroico e épico na trompa, un tema de transición que simula unha melodía india e finalmente outro de ton pastoral interpretado pola frauta (moitos estudosos atoparon importantes semellanzas entre este último e o espiritual negro *Swing low, sweet chariot*). Entre as dúas seccións, un desenvolvemento onde confrontan os distintos temas, e como broche final unha coda apoteótica e resoante.

A continuación, *Largo*, o movemento máis coñecido e que nacera como esbozo dunha ópera ou cantata sobre o *O canto de Hiawatha*, poema épico escrito por Henry Wadsworth Longfellow en 1855 que recollía as tradicións mitolóxicas dos indios americanos. Concretamente, este segundo movemento estaría relacionado ca escena dos funerais no bosque. Os acordes iniciais pretenden ser unha retrato musical dos prados

de Iowa que Dvořák definiu como “tristes ata a desesperanza” logo dunha visita á comunidade checa alí afincada. Deseguido, ábrese paso o primeiro tema interpretado polo corno inglés, instrumento que lle recordaba á voz do cantante afroamericano Harry Thacker, amigo do autor. Esta melodía de extraordinaria beleza popularizouse posteriormente co título *Going Home*, un espiritual moi interpretado por corais arredor do mundo. Novamente escoitamos os acordes do inicio e logo un segundo tema dividido en dúas partes: a primeira, unha especie de lamento elexíaco e a segunda na que os *pizzicati* das cordas graves simulan os pasos do cortexo fúnebre. O momento culminante do movemento, iniciado polos óboes en *stacatto*, representa o espertar da natureza á maneira dunha danza pastoral que algúns autores relacionan cos versos de Longfellow “todos os paxaros cantan viva e suavemente”. Ao final, unha última presentación da melancólica melodía do corno inglés.

O *Scherzo-Molto Vivace* tamén se inspirou no mesmo poema e intenta retratar unha festa dos “pel vermella” nas fragas americanas con motivo da voda de Hiawatha. Atoparemos as tres partes

habituais dos terceiros movementos das sinfonías, sendo a primeira e a terceira practicamente idénticas e a central un trío de carácter contrastante. Nas seccións extremas escoitamos unha danza ritual agresiva e guerreira intercalada por unha melodía fresca e xocosa na fruta, como unha canción. O trío é unha danza pausada de clara influencia europea, unha especie de siciliana.

No cuarto movemento, *Allegro con fuoco*, Dvořák retoma temas e motivos dos anteriores ao igual que fixera Beethoven na súa novena, dando lugar ao que se coñece como forma cíclica, que conecta á perfección ca idea de retorno presente en todo o concerto. Como sinala Tranchefort, “os primeiros compases, en crescendo, son unha toma de impulso” antes da entrada do tema principal nos metais. Un tema B de carácter lírico será interpretado polo clarinete solista en diálogo cas cordas e entre estas dúas ideas principais sucédense distintos contratemas de menor importancia. Logo da exposición, no desenvolvemento prodúcese a conflagración entre o tema principal deste movemento e o o épico do primeiro, ademais de diversas reminiscencias de temas e motivos pasados. A recapitulación trae de

volta a primeira parte do movemento e unha gran coda pon fin a unha das obras máis recoñecidas e tocadas do repertorio sinfónico.

*Dende o exilio* proponnos pois un relato de viaxes de ida, de volta, de camiños, persoas e circunstancias que coinciden no tempo e se entrelazan: a vida mesma.

## CARME TUBÍO BARREIRA



---

## AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n  
15705 Santiago de Compostela

## DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026 | 981 573 979

ZONA C 981 542 462

## OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

---

**rfgalicia.org**

**compostelacultura.gal**

---

## INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

## FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

## TWITTER

@rfgalicia

@CCultura

---

# PRÓXIMO CONCERTO

## le grand tour

**XOVES 9 NOVEMBRO**

Auditorio de Galicia, 20:30 h

## CONVERSANDO CON...

Aarón Zapico

Sala Mozart, 19:45 h

## REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

**Aarón Zapico**, director

- Charles Avison: Concerto grosso núm. 5 en Re menor, sobre as sonatas de Domenico Scarlatti
- José Castel: Sinfonía núm. 3
- Georg Philipp Telemann: Abertura "La Bizarre" en Sol Maior
- Johann Sebastian Bach: Sinfonía da Cantata "Am Abend aber desselbigen Sabbaths"
- Franz Xaver Richter: Gran Sinfonía núm. 4
- Joseph Haydn: Sinfonía núm. 30 en Do Maior "Alleluia"